

A economía galega segue medrando e encadea oito trimestres consecutivos nos que mellora o seu ritmo de crecemento anual

A economía galega segue medrando e fortalecendo a súa recuperación, tal como mostran os datos publicados esta semana. O PIB galego mantén taxas de crecemento similares ás do 2º semestre do 2015, cun incremento trimestral do 0,7%, baseado no bo comportamento de todos os sectores da economía, especialmente a industria e as exportacións.

Ademais, a taxa interanual de crecemento segue medrando e no primeiro trimestre de 2016 aumentou ao 2,8%, mellorando en dúas décimas a cifra do trimestre anterior.

Así, xa son oito trimestres consecutivos (dous anos completos) nos que mellora o ritmo de crecemento anual da economía galega.

O crecemento da economía galega susténtase en tres factores: a recuperación do consumo interno, o incremento das exportacións e a formación bruta de capital.

No que respecta á recuperación do consumo interno cabe salientar que o consumo dos fogares galegos segue medrando por riba do 2%, froito da recuperación do mercado laboral e da mellora da confianza dos fogares.

No tocante ao incremento das exportacións sinalar que medraron un 5% e, por último, a formación bruta de capital -o investimento das empresas- medrou case un 4%.

Todas as ramas de actividade continúan unha evolución positiva. Cómpre destacar a mellora do comportamento do sector industrial (5,3%); a industria manufacturera (6,7%); o sector servizos (2,4%) e o sector da construción (+3,2%).

En canto ao emprego, o número de postos de traballo en termos PIB medrou en Galicia un 2,3%, isto supón que no último ano o número de postos de traballo a tempo completo aumentou en máis de 22.000 empregos en Galicia.